

BASES QUE REGULAN A INSCRIPCIÓN NA ACTIVIDADE CONCILIA SEMANA SANTA (LEGER SEMANA SANTA) 2026

1. Definición da actividade Concilia Semana Santa (Leger Semana Santa): esta actividade enmárcase dentro dun programa de conciliación que o Concello de O Pino ofrece ás familias do municipio con necesidades de conciliar a vida laboral e familiar.
2. Persoas usuarias: terán acceso ao programa as e os menores de entre 3 e 12 anos de idade, ambos inclusive, na data da solicitude.
3. Lugar de realización: o programa realizarase nas instalacións do Pavillón Municipal e exteriores do C.P.I Camiño de Santiago situado na localidade de Arca (Pedrouzo) e nos arredores do mesmo.
4. O servizo desenvolverase desde os días 30, 31 de marzo e 1 e 6 de abril 2026 coincidindo co calendario escolar do ano 2026.
5. O HORARIO tipo será de luns a venres (agás sábados e días festivos que non se realizará o programa) de 8:00 a 15:00 horas. Os nenos e nenas terán que ser recollidos entre as 13:30 e as 15:00 horas.
6. O número de prazas e criterios de admisión: o número de prazas totais que se oferta no programa é de 50 por quenda. Para que o programa se leve a cabo deberá haber un número mínimo de solicitudes.

No caso de haxa máis solicitudes que prazas ESTES SERÁN OS CRITERIOS DE ADMISIÓN E ORDE DE PRIORIDADE:

- O/a menor solicitante estea empadroad/a no Concello de O Pino (mínimo 3 meses de antigüidade).
- Pai ou nai en situación laboral activa ou en busca activa de emprego ou formación laboral.
- Escolarizados nun centro educativo do concello.
- Nivel de renda per cápita das unidades familiares solicitantes a excepción de casos de xustificación inmediata de prestación do servizo, no caso de empate, terán preferencia no acceso os seguintes colectivos.
- Familias monoparentais.
- Mulleres vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra as mulleres.
- Persoas con discapacidade.
- Persoas en risco de exclusión social.
- Persoas solicitantes de asilo internacional ou con estatuto de refuxiado.

- Unidades familiares nas cales existan outras responsabilidades relacionadas cos coidados de familiares ou persoas dependentes ao seu cargo.
- Participantes desfrutando das vacacións no termo municipal.
- Nenos e nenas que non reúnan ningún dos anteriores requisitos.

Todas as circunstancias acreditadas documentalmente.

A listaxe de persoas admitidas no programa será publicada no taboleiro de edictos e na páxina web do concello.

Os/as solicitantes non admitidos no programa pasarán a formar parte dunha lista de agarda, seguindo a orde establecida anteriormente.

No caso de que varios irmáns presenten solicitude para a mesma opción e quenda, o feito de que un dos irmáns sexa admitido, suporá a admisión dos demais irmáns.

7. Prezos:

Do 30 marzo a 21 abril, a excepción dos sábados e festivos: 15 €

As familias numerosas terán a maiores un desconto dun 20% a partir do segundo fillo (achegarase título de familia numerosa).

As familias monoparentais terán un desconto de 20% (achegarán certificado de monoparentalidade).

8. INSCRICIÓN E FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE

A petición de admisión no programa realizaranse mediante a ficha de inscrición que se poderá recoller nas dependencias do Concello de O Pino en horario de 9-14 horas, ou descargando da web municipal (www.opino.gal). Data límite: 26/03/2026.

9. PAGAMENTO:

A conta bancaria na que deberá realizar o pago será a que segue:

ABANCA ES70 2080 0337 1131 1000 0078

Deberá ser entregado nas dependencias do Concello ou a través da sede electrónica xunto coa inscrición, o xustificante de pagamento na data límite do 26/03/2026.

Unha vez efectuado o ingreso non se devolverá o importe satisfeito salvo que se acredite a imposibilidade do/a participante de asistir á actividade mediante certificado médico.